

Presentación: Vinte anos de representación dos gobernos territoriais na UE

Serafín Pazos Vidal

Director da Oficina de Bruxelas, Convention of Scottish Local Authorities

Neste número monográfico de *Tempo Exterior* unha serie de técnicos con máis de 20 anos de experiencia na representación dos intereses territoriais cara e nas institucións europeas e o proceso decisorio comunitario aportan a súa perspectiva persoal sobre súa práctica e as claves. Se ben existe toda unha literatura académica encol da chamada mobilización territorial desde os anos 80 (p. ex. Tatham & Thau, 2014; Marks, Haesly & Mbaye, 2010) non son tan comúns nas revistas académicas os testemuños dos propios actores involucrados no exercicio diario deste tipo de representación e intermediación de intereses.

Hai que agradecer a *Tempo Exterior* e ao IGADI a oportunidade de editar este número monográfico.

En maio de 2022 concluíron os traballos da Conferencia para o futuro de Europa, que colleu a estela da Convención para o futuro de Europa de 2001-2003, que logo dun tortuoso proceso de dous referendos negativos en Francia e Países Baixos deu lugar case unha década despois, ao actual Tratado de Lisboa. Varios dos autores deste número especial formaron parte en tanto que asesores dos políticos que participaron nese proceso.

Un dos aspectos máis sensibles daquela Convención foi o tratamento da cuestión territorial e do principio de subsidiariedade, e que produciu o que hoxe coñecemos como art 5.3 do Tratado da Unión Europea sobre o principio de subsidiariedade, o deber de protección da UE da autonomía local e rexional, da cohesión territorial así como a necesidade de asociar aos legislativos territoriais na supervisión do principio de subsidiariedade, vía os legislativos estatais pero tamén polo Comité das Rexións (CDR), órgano consultivo que xunto co principio de subsidiariedade fora xa introducido no Tratado de Maastricht 1992 e botou a andar no 1994. Maastricht tamén permitiu que os ministros ditos rexionais puidesen representar ao seu Estado Membro nas formacións do Consello da UE de acordo coas súas competencias.

Temos por tanto unha perspectiva o suficiente ampla como para avaliar as expectativas e as realidades da representación territorial na UE. Certamente, non son estes xa os tempos no que o paradigma da “Europa das Rexións” se impuña coma unha especie de evocación dunha UE como ente xurídico-político postnacional gobernada polo paradigma da gobernanza multinivel, que independentemente das súas múltiples concepcións (Stephenson, 2013) no fondo busca artellar do xeito máis coordinado e consensual posible -o que se coñece desde 2018 coma “subsidiariedade activa”- a solución a problemas compartidos polos niveis subcentrais, estatais e comunitarios (Moodie, Salenius, & Meijer, 2022; Pazos Vidal, 2019a).

Se ben a UE expandiu como moito o seu ámbito de aplicación, non se pode dicir o mesmo da dimensión territorial da UE. A Gran Recesión do 2008 levou a unha grande expansión da capacidade de supervisión a nivel da UE do que antes se concibían como políticas públicas

domésticas en ámbitos coma as pensións ou os servizos públicos: os chamados Tratados Fiscais e a expansión do chamado Semestre Europeo.

A crise do COVID-19 levou á expansión das competencias comunitarias antes residuais en materia sanitaria, así coma o traspasar o Rubicón que supón comezar a financiar o orzamento europeo (*Next Generation EU*, con 750.000 millóns de Euros o maior fondo de investimento da UE na historia, dobrando á Política Rexional e a Política Agrícola Común) por medio a emisión conxunta de débeda pública europea (Bachtler, Méndez, & Wishlade, 2020).

A chamada crise do Estado de Dereito (*rule of law backsliding*) está a levar a un reforzamento da capacidade das institucións da UE de penalizar a aqueles Estados Membros (e por consecuencia as súas entidades territoriais) que estean a violar os principios dos Tratados (cf. Bárd & Grabowska-Moro, 2020), nunha perspectiva bastante activista. Este activismo e expansión do ámbito de interpretación dos tratados tamén está presente o Tribunal de Xustiza da UE e que non deixa de ser cuestionada non só por certos gobernos senón tamén polos constitucionais coma o alemán (Pazos Vidal, 2020).

Sen embargo, malia esta expansión do ámbito das decisións europeas ao ámbito doméstico dos Estados (ou mais ben unha maior visibilización, xa que o peso da lexislación da UE e supervisión comunitaria marca e moito a provisión de servizos público e mesmo a súa organización mediante directivas de contratación pública, axudas de Estado, normativa medioambiental) non se corresponde cunha maior presenza das institucións subestatais nos procesos decisorios europeas. A testemuña disto as conclusións da devandita Conferencia, onde simplemente se toma nota da importancia da dimensión territorial (*Conference on the Future of Europe*, 2022: 84).

Que pasou pois? Varias cousas. Primeiro, a chamada “Europa das rexións” foi un espeilismo na que moitos actores se autosuxestionaron de que estaban ante un salto cualitativo da natureza da UE (Bourne, 2006). No ámbito territorial o que se produciu coma moito é un certo acomodo das demandas territoriais dentro do marco institucional e xurídico xa existente: o mellor exemplo é o Comité das Rexións, que mais que unha cámara de representación dos diferentes intereses territoriais, o que resultou na creación dun novo ente paneuropeo que nivela á baixa os diferentes intereses territoriais (Piattoni & Schönlau, 2015). Esta nivelación perxudica ás chamadas Rexións con Competencias Legislativas coma Galicia ou os *Länder* alemáns tan activas na Convención de hai 20 anos pero que está na propia natureza *hyperconsensual*, como diría Simon Hix (1999), do proceso de integración europea. Non é nada novo: xa no 1986 a declaración sobre o rexionalismo en Europa da Asemblea de Rexións de Europa (unha asociación voluntaria de territorios que tanto proliferaron nos 80 e 90 con moi activa presenza de líderes territoriais de Baviera a Cataluña) define a rexión coma calquera entidade inmediatamente inferior ao nivel estatal, pondo nun mesmo saco a condados daneses e goberno con case soberanía fiscal coma Euskadi mezclando coma diría Le Galès (1998), a noción de rexión-suxeito (dotada de entidade colectiva propia e-ou personalidade política) e rexión-obxecto (territorio definido a fins estatísticos ou de xestión administrativa dos niveis superiores). Unha concepción que antes do CDR xa asumirá a Política Rexional da UE, tradicionalmente maior política de desenrolo territorial en todo o mundo auténtico motor da mobilización territorial europea e terreo de probas privilexiado da gobernanza multinivel europea (Marks, 1992).

Esta decepción a nivel político cadrou co comezo da crise de 2008 polo que os líderes territoriais maiormente se retraeron ao ámbito domestico, por falta de visibilidade e recursos. Nese aspecto non é esaxerado afirmar que moitos líderes territoriais (Fraga, Maragall, Marini, Schausberger, etc.) buscaban unha expresión dun xenuíno europeísmo e tutelar a aceleración do proceso de transferencia de competencias, moitas delas subestatais, cara a UE. Ao tempo tamén buscaban a nivel europeo (e a través de “Europa” influenciar o nivel doméstico). Cando se evidenciaron os límites disto, a maior parte deles e os seus sucesores deixaron de gastar gran capital político no teatro de operacións europeo. Moitos actores territoriais comezaron a deixar de ir a Bruxelas para solventar o que no, fondo, eran problemas de gobernanza interna a nivel domestico. Caso paradigmático foron ás *Länder* alemáns, que tras décadas pedindo “deixádenos entrar” pasaron coa volta do milenio a postura de “non nos molestedes” (Jeffery, 2005). Entremedias acadaran un acordo interno alemán entre a federación e os *Länder* para definir a postura común Alemaña nos temas comunitarios importantes.

Este acomodo ocorreu en maior ou menor medida no resto de estados cunha ampla descentralización. Nalgúns casos xa viña de serie, como no caso escandinavo ou as democracias do Benelux ou no caso austríaco onde progresivamente se estenderon verbo das decisións da UE os mecanismos de coordinación interna e formulación da posición do Estado que xa existían a nivel doméstico. Neste número monográfico temos unha descrición do Código de Relacións Administrativas dos países Baixos por Bas van der Barg así coma da protección constitucional que existe en Austria por Simona Wolesa.

Por razóns de espazo non foi posible incorporar a experiencia italiana da *Conferenza Stato Regioni* (Carpani, 2006) que, malia o que acostumamos a pensar da complicada política italiana, constitúe un gran exemplo para estados complexos coma o español que aínda non son capaces de solventar a dimensión europea da súa gobernanza territorial (Pazos Vidal, 2019b) Nese senso, o caso español é o que menos foi quen de afrontar plenamente esta cuestión: pola súa limitada colaboración interterritorial e vertical (Colino, 2020) e pola perenne cuestión territorial, se cadra agudizada polo chamado *proces* catalán (cf. Cardenal, 2020)

Mais como dicimos esa perda de interese debese tamén a factores de oportunidade política: só hai que ver o nada edificante e moi pública discusión sobre o reparto dos fondos, nalgunha ocasión coma na Conferencia de Presidentes de outubro de 2020 en presenza da Presidenta da Comisión Europea e non para afrontar desafíos estruturais senón fundamentalmente para maximizar a captación de rendas europeas que fosen o máis discrecionais posibles (Pazos Vidal, 2021; Casula & Pazos Vidal, 2021).

Porén, malia a participación das institucións subestatais no proceso decisorio europeo hai tempo que non é politicamente tan excitante como nun temo se imaxinaba, esta segue a existir. Toda unha xeración de *practitioners* do que os autores deste monográfico son parte, enfocaron a súa formación académica e o seu posterior desenrolo profesional ao longo das últimas dúas e mesmo tres décadas á representación destes intereses en Bruxelas. O traballo de moitos deles é na sombra dos políticos, polo que o editor deste número monográfico quere testemuñar o agradecemento persoal aos autores dos diferentes artigos, pondo ao lado a tradicional reserva e analizar a praxe da representación de intereses territoriais na UE coas súas propias palabras.

Obviamente o interese dos testemuños recollidos deste número especial non só e polo que din, senón tamén polo que destacan e o que non, así coma o que non din, ofrecendo material novidoso que poida ser obxecto de posteriores traballos da literatura académica neste campo. Lendo as diferentes aportacións deste monográfico hai certas claves que merecen a pena resumir e contextualizar neste artigo introdutorio.

A UE non só son as grandes decisións nin moito menos os discursos, eventos, reunións e notas de prensa que o persoeiro territorial de turno manda desde Bruxelas para consumo doméstico. Isto é obviamente unha boa parte do traballo dos autores deste número e do resto dos varios representantes territoriais en Bruxelas. É de feito o menos importante, o máis importante é o traballo que ocorre cando o persoeiro non está en Bruxelas. O político ten, no mellor dos casos, un tempo e espazo mental limitado para abdicarlle ao que pode semellar, visto desde os territorios coma o universo paralelo de Bruxelas. Primeiro a máis básico destas actividades é análise das propostas da UE e as negociacións no seu día as oficinas en Bruxelas pre-internet podían botar boa parte do día a mandar por fax o Diario Oficial ou valérense de directorios en papel mercados a prezo de ouro para atopar ao funcionario ou parlamentario que fose de interese. Obviamente con internet, isto xa non é necesario, sendo coma son as institucións da UE de lonxe as máis transparentes, e accesibles que existen en toda Europa.

Boa parte das oficinas que só se centraban nesas tarefas básicas obviamente sufriron co paso o tempo ou se reconduciron cara a foinas de capitación de fondos europeos alén dos tradicionais fondos de Cohesión, alén de continuar a proporcionar unha infraestrutura para as idas e vidas dos seus mandaríaos territoriais a Bruxelas, sexa reunións *ad hoc*, e moi habitualmente apoio á súa participación no Comité das Rexións.

Sen embargo, o salto cualitativo para estas oficinas consistía e consiste en constituírse en auténtico *knowledge centre* en temas europeos do goberno territorial ao que representan, algo particularmente importante xa que salvo políticas concretas, e moitos departamentos só teñen un contacto esporádico con normas europeas (Rodríguez-Pose & Julie Courty, 2018) A medio prazo, deixando á marxe a propia inercia das organizacións, a supervivencia das oficinas depende por última instancia nunha estratexia bifronte de profundización (adquisición de coñecementos e contactos valorados pola administración de orixe) e de diversificación incluído en moitos casos a intermediación de proxectos e de comunicación política. Un bo exemplo é o artigo de Marta Marín, Directora da Delegación de Euskadi ante a UE, unha das primeiras e desde sempre o modelo de representación institucional no contexto das CC.AA. Así, vemos que sen apearse das reivindicacións das rexións con competencias lexislativas ao igual ca hai 20 anos (a nova iniciaba RLEG depende da pilotaxe de Euskadi, ante a menor ambición de moitos territorios, coma Galicia, que si participaran activamente no grupo REGLEG hai dúas décadas) pero tamén apoiar ás entidades vascas en canto proxecto innovador fose posible (Hunter, Patazi & Petit, 2021).

A segunda é a asociación non só a nivel de oficinas dun mesmo Estado Membro -gozando a veces moito mellores relacións ca entre os respectivos líderes políticos- senón tamén do artellamento de intereses a través de grupos e asociacións penéireas. O testemuño de Michael Schmitz neste monográfico, falando do rexistro de transparencia, onde foron capaces de oporse á pretensión da Comisión de obrigar a alcaldes e aos seus empregados a rexistrarse coma se fosen lobistas é un (raro) exemplo de mobilización territorial exitosa. Tamén da necesidade, para

ter influencia na UE, de ser capaz de manter o foco durante moito tempo. Este artigo tamén é sintomático do cambio de postura das institucións da UE verbo dos territorios: se ben nos 80-90 se predicía que a Comisión se servía dos terreiros para facer o *bypass* aos gobernos centrais, agora ten un enfoque máis pragmático respecto das demandas territoriais: piden moito (fondos influencia) comprométese a pouco (respecto do dereito de Competencia, lexislación medioambiental) e tamén porque esta Comisión, “máis política” en palabras de Jean Claude Juncker, precisa da boa vontade dos Estados Membros para acadar unha aínda maior comunitarización das políticas públicas. Ao mesmo tempo, a Comisión non pode crecer indefinidamente e para evitar a sobrecarga de decisións desde hai máis dunha década adopta un enfoque máis estratéxico e descentralizado, menos *micromanagement* en asuntos coma as axudas de estado ou a xestión dos fondos (Bachtler & Méndez, 2007).

Como dicimos, as autoridades subestatais aloxáronse de Europa alomenos da primeira liña política pero a UE non se esquece delas. De feito, as oportunidades de participar *activamente no deseño das políticas europeas é maior e máis predicible agora*. A chamada *Better Regulation* (Lexislar Mellor) é o mecanismo polo que as propostas lexislativas da UE teñen que pasar para asegurarse dos impactos posibles: existe todo sistema de consulta previa, e as directrices de 2021 inclúen non só un análise da subsidiariedade coma a avaliación de impacto territorial en xeral, rural (*rural proofing*) e mesmo urbano (Pacto de Ámsterdam) (cf. Medeiros, 2019). Tamén as autoridades rexionais poden participar na Plataforma “Fit-For-Future”. O problema é que este é un traballo técnico que dá pouca visibilidade ao decisor político... polo que na maioría dos casos, a non ser que haxa unha clara vontade política ou institucional para participar nestes procesos, estes ben quedan baleiros ou se reducen a un exercicio de corta e pega.

O Dereito e política europeas son un pouco unha realidade paralela. En non poucas reunións de, por exemplo, regulamentación de servizos públicos no Grupo de Expertos ao efecto do Consello de Municipios e Rexións de Europa (CMRE), asociación voluntaria que aglutina as asociacións estatais de concellos desde ben antes da creación da UE, alemáns e austríacos (ente eles, os dous dos autores deste monográfico) teñen unha participación activa e amplo coñecemento técnico, namentres que os seus homólogos do sur de Europa nin están presentes. Nalgúns casos coma a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) nin teñen oficinas en Bruxelas ou persoal adicado ao seguimento destas materias. ¿Significa isto que eses países viven na espléndida ignorancia? Non necesariamente. Simplemente, a diferenza do centro e norte de Europa, teñen unha noción moi xerárquica do Dereito da UE, polo que só interveñen cando o ministerio do ramo lles chama para discutir a transposición de tal Directiva (por exemplo, a de Contratación Pública)...literalmente anos despois de que esa fose aprobada na UE e haxa pouco que facerlle se non se axeita á realidade e necesidades de territorios españois. A participación subnacional na fase emerxente das políticas europeas é necesaria pero continxente.

A cultura política de orixe é por tanto fundamental. Por regra xeral, as autoridades subestatais cun alto nivel de discrecionalidade do nivel político sobre a administrativo e cunha administración baseada en modelos de Dereito Administrativo, teñen un enorme hándicap. Os técnicos son reféns da vertical do poder político e dunha visión moi acartonada do proceso lexislativo europeo. As súas oficinas de Bruxelas pouco marxe de manobra teñen sen consultar coa capital correspondente... polo contrario no norte de Europa, onde hai unha división máis clara entre o

servidor público (non existen os funcionarios como se entende nos países de órbita francesa) e o nivel político, cun rol máis restritivo deste último (Dahlström & Lapuente, 2017). Neses casos, os representantes en Bruxelas teñen un marxe maior para influír no proceso decisorio europeo. Nese sentido, e contrariamente ao que estimamos no contexto español ter competencias lexislativas ou non, non é moi relevante: os casos de Países Baixos descrito no artigo de Bas van de Barg ou Austria por Simona Wolesa, por non falar dos escandinavos e mesmo, no seu día, os gobernos locais británicos, amosan que o nivel competencial dun goberno subestatal non é en absoluto directamente proporcional á súa capacidade de influencia das decisións da UE.

Dito isto, o reto que si teñen en común a maioría de oficinas de Bruxelas é o seu encaixe dentro das administracións de orixe: se están nun departamento horizontal dependente do nivel político teñen unha maior marxe de non só representar intereses dese territorio en Bruxelas senón activamente influenciar a definición a posición do territorio sobre ese tema – pola contra, se están nunha unidade especializada non digamos dependente dun departamento sectorial concreto, as oficinas teñen un grande risco de convertérese en caixón de sastre de todo aquilo “internacional” que os diferentes departamentos non poden ou non queren encargarse. Teñen un rol máis claro pero moito máis vago xa que existen nun limbo entre Bruxelas e a administración de orixe. Con todo, isto non so é exclusivo dos gobernos territoriais, o mesmo dilema existe no tratamento da política comunitaria dentro dos gobernos centrais.

Por último, o que si demostrou abundantemente a praxe das últimas décadas é que toda pretensión de influenciar unilateralmente as decisións comunitarias a non ser que sexa nalgo moi concreto e localizado, ten toda probabilidade de fracasar (Beyers & Donas, 2014). Mesmo se es un goberno territorial alemán. Os artigos de Michael Schmitz e Simona Wolesa son bastante claros neste respecto. A mobilización territorial europea ou é mancomunada ou non será.

Nese senso, a mobilización territorial acocore como dicimos como asociación voluntaria (grupos de traballo e estruturas entre as oficinas dun mesmo Estado Membro, ou asociacións paneuropeas) ou institucionalmente, nomeadamente vía o Comité das Rexións.

No primeiro caso, a limitación reside no propio voluntarismo dos membros. As asociacións paneuropeas son un arma de dobre fío, porque progresivamente máis ca mecanismos de intermediación e aglutinación de intereses territoriais diversións, progresivamente vólvense dependentes das institucións europeas, que lles outorga (ao secretariado) acceso privilexiado e de forma cada vez maior financia o propio funcionamento interno dos mesmos. Por tanto o risco dun do que en políticas públicas se coñece coma un “problema de axente-principal”, é significativo.

O caso do Comité das Rexións ao risco de representación por nivelación xa citado hai que contraporlle as oportunidades que aporta polo seu estatus no interior do marco institucional da UE. O artigo de Thomas Wobben é paradigmático disto. Se ben por un lado o CDR busca afirmarse coma o interlocutor e aglutinador principal dos intereses territoriais (ver o exemplo da Alianza pola Cohesión) por outra, como se amosa con todo o detalle no artigo, é capaz de influenciar moito máis do que ao Parlamento Europeo lle gustaría admitir, os procesos negociadores de políticas claramente territoriais coma a Política Rexional da UE. Este detallado artigo responde contundentemente a pregunta feita daquela por Warleigh (1997) de se o CDR e un comité sen importancia.

Europa, en última instancia, son as persoas. A representación dos intereses territoriais tamén. Alén dos titulares, o traballo diario, discreto e intenso, de moitos compañeiros coma os que tiveron a xentileza de contribuír a este numero monográfico de *Tempo Exterior* e o que que chega a Unión Europea aos territorios, e viceversa.

*Serafín Pazos Vidal é Director da Oficina de Bruxelas,
Convention of Scottish Local Authorities.*

Referencias

- BACHTLER, J. & C. MÉNDEZ, C. (2007). Who Governs EU Cohesion Policy? Deconstructing the Reforms of the Structural Funds, *Journal of Common Market Studies*, 45 (3), pp. 535-564.
- BACHTLER, J., MÉNDEZ, C., & WISHLADE, F. (2020). The recovery plan for Europe and Cohesion Policy: An initial assessment. *European Regional Policy Research Consortium*, (20/1).
- BÁRD, P. & GRABOWSKA-MORO, B. (2020). *The strategies and mechanisms used by national authorities to systematically undermine the Rule of Law and possible EU responses*. RECONNECT, Central European University.
- BEYERS, J & DONAS, T. (2014). Inter-regional networks in Brussels: Analyzing the information exchanges among regional offices. *European Union Politics*, 15 (4), pp. 547-571.
- BOURNE, A. K. (2006). Bringing Europe Closer to the Citizen? Regions and the European Convention. *Regional and Federal Studies*, 16(1), pp.1-19.
- CARDENAL, J.P. (2020). *La telaraña: La trama exterior del proceso*. Barcelona: Ariel.
- CARPANI, G. (2006). La Conferenza Stato-regioni: competenze e modalità di funzionamento dall'istituzione ad oggi. Bologna: Il Mulino.
- CASULA, M. & PAZOS VIDAL, S. (2021). Assessing the Multi-level Government Response to the COVID-19 Crisis: Italy and Spain Compared, *International Journal of Public Administration*, 44 (11-12), pp. 994-1005, DOI: 10.1080/01900692.2021.1915330
- COLINO, C. (2020). Decentralization in Spain: federal evolution and performance of the estado autonómico. En Muro, D. & Lago, I. (eds.). *The Oxford Handbook of Spanish Politics*, pp. 61-81. Oxford: Oxford University Press. <https://doi.org/10.1093/oxford-hb/9780198826934.013.5>
- Conference on the future of Europe (2022). *Report on the final outcome. May 2022*.
- DAHLSTRÖM, C., & LAPUENTE, V. (2017). *Organizing Leviathan: Politicians, Bureaucrats, and the Making of Good Government*. Cambridge: Cambridge University Press. doi:10.1017/9781316822869

- LE GALÈS, P. (1998). Conclusion - government and governance of regions: structural weaknesses and new mobilisation, En Le Galès, Patrick & Lequesne, Christian (Dirs.) *Regions in Europe*, pp. 239-267. London: Routledge.
- HIX, S. (1999). *The Political System of the European Union*. Basingstoke: Palgrave.
- HUNTER, A., PANTAZI, M. & PETIT, P. (2021). *EU regions with legislative powers: Exploring the appetite, capacity and direction for EU policy influencing and delivery*. Bruxelas: Gobierno Vasco, EPC.
- JEFFERY, Ch. (2005). Regions and the European Union: Letting Them In and Leaving Them Alone. En Weatherhill, Stephen & Bernitz, Ulf (Eds.). *The Role of Regions and Sub-National Actors in Europe*, pp.33-46. Oxford: Hart Publishing.
- MARKS, G., HAESLY, E. & MBAYE, H.A.D. (2010). What do subnational offices think they are doing in Brussels? *Regional and Federal Studies*, 12(3), pp. 1-23.
- MARKS, G. (1992). Structural Policy in the European Community, En Sbragia, A. E. (ed.), *Europolitics, Institutions and policymaking in the new European Community*, pp.191-225. Washington DC: Brookings Institute.
- MEDEIROS, E. (2019). Spatial planning, territorial development, and territorial impact assessment. *Journal of Planning Literature*, 34(2), 171-182.
- MOODIE, J. R., SALENIUS, V., & WØIEN MEIJER, M. (2022). Why territory matters for implementing active subsidiarity in EU regional policy. *Regional Studies*, 56(5), 866-878.
- PAZOS VIDAL, S. (2021). La dimensión territorial de la pandemia, En Penadés de la Cruz, A. & Garmendia, A. (coords.) *Informe sobre la Democracia en España 2020: el año de la pandemia*, pp. 171-188. Madrid: Fundación Alternativas.
- PAZOS VIDAL, S. (2020) 'El coronavirus como test de resistencia de la integración europea: límites del diálogo constitucional', *EUNOMÍA. Revista en Cultura de la Legalidad*, 19, pp:154-183.
- PAZOS VIDAL, S. (2019a). Subnational Actors and EU Multilevel Governance: Between the Demise of Europe of the Regions and the Emergence of Active Subsidiarity. Paper presented to the ECPR General Conference Wroclaw
- PAZOS VIDAL, S. (2019b). Subsidiarity and EU Multilevel Governance. Actors, Networks and Agendas. Abingdon: Routledge.
- PIATTONI, S. & SCHÖNLAU, J. (2015). *Shaping EU Policy from Below. EU Democracy and the Committee of the Regions*. Cheltenham: Edgar Elgar.
- RODRÍGUEZ-POSE, A. & COURTY, J. (2018) Regional lobbying and Structural funds: Do regional representation offices in Brussels deliver? *Regional & Federal Studies*, 28(2), pp. 199-229. DOI: 10.1080/13597566.2018.1441828
- STEPHENSON, P. Twenty years of multi-level governance: Where Does It Come From? What Is It? Where Is It Going? *Journal of European Public Policy*, 20 (6), pp. 817-837.
- TATHAM, M. & THAU, M. (2014). The more the merrier: Accounting for regional paradiplomats in Brussels. *European Union Politics*, 15 (2), pp. 255-276.
- WARLEIGH, A. (1997). A Committee of No Importance? Assessing the Relevance of the Committee of the Regions. *Politics*, 17 (2), pp. 101-107.